



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

INFORME XURIDICO

(Pontevedra)

ASUNTO: ALEGACIONES PRESENTADAS Ó BORRADOR DE REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Someteuse a dictame deste Letrado as alegacións formuladas ó borrador de regulamento de participación cidadá presentadas por D. José Manuel Lorenzo Varela na súa calidade de Presidente da C.M.V.M.C. de Xinzo, escrito que, tal como xa puxen de manifesto en reiteradas ocasións e que os encargados do Rexistro de Entrada siguen sen ter en conta, carece da correspondente acreditación de que a persoa que asina en calidade de Presidente dunha Comunidade de Montes da súa condición de Presidente e, polo tanto, de representante legal da Comunidade, requisito necesario para a admisión do citado escrito segundo dispón o artigo 6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, aínda que subsanable, e por elo debería requerirse a subsanación do mesmo.

En canto a primeira alegación, dunha lectura do artigo 22 despréndese que as Comunidades de Montes estarían incluídas na expresión "...e outras similares", no obstante, para que non existan dúbidas debería estimarse a alegación facendo un engadido no que se inclúa ás Comunidades de Montes entre as asociacións que poden inscribirse.

En canto á segunda alegación, entendo que non asiste a razón a reclamante, dado que os requisitos exixidos dotan de seguridade xurídica á inscrición das asociacións solicitantes, non entendendo que burocracia supón a exixencia de tales requisitos, cando son necesarios para acreditar a personalidade xurídica e a existencia xurídica das asociacións que pretenden inscribirse nun Rexistro Público. Outra cousa ben diferente é que si algún dos requisitos exixidos non pode ser cumprido polas Comunidades de Montes en base ó seu peculiar réxime xurídico, no momento de presentar a súa solicitude, poidan nese momento presentar un escrito no que xustificuen e motiven porque non poden cumprimentar tal requisito e que tal escrito sexa tido en conta polo Concello, co cal entendo que a alegación debe ser rexeitada.

Ponteareas, a 20 de abril de 2017.-

O ASESOR XURÍDICO

Asdo.: Carlos Petel Alvarellos.-